

MATERIAL PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO DE 5º INFANTIL

(4 ANOS) PARA O CURSO 2021-22

➤ **MATERIAL:**

A) MATERIAL CURRICULAR (libros de texto):

Proxecto “A volta ao mundo”, ed. Santillana. Nivel 2

ISBN: 978 -84-9972-874-2

Alumnado de relixión: non mercar nada, continúan co libro deste ano.

B) MATERIAL FUNXIBLE:

PODEDES ESCOLLER ENTRE 2 OPCIÓNS:

1ª) COOPERATIVA ESCOLAR:

As titoras optamos pola fórmula de mercar o material funxible a través dunha **cooperativa escolar**.

POR QUE? Administra mellor os cartos, mercamos só o necesario (xa que aproveitamos todo o material que mercamos para este curso) e temos posibilidade de acceso a outros produtos que de outro xeito non sería posible (de catálogos escolares ou calquera material de plástica para traballos específicos).

Acordamos que **a cantidade será de 25 euros** para todo o curso, xa que imos mercar todo o material as mestras, incluído os paquetes de folios brancos, caixas de panos de papel, toalliñas húmidas e velcro. Consideramos que deste xeito será más doado controlar a desinfección dos materiais.

Nas reunións xerais que teremos durante o curso vos informaremos sobre a marcha da cooperativa e dos gastos realizados. Aquelas familias que o desexen terán a súa disposición as facturas das compras.

2ª) MATERIAL ESCOLAR (só en caso de non participar na cooperativa escolar):

Aquelhas familias que optedes por esta opción teredes que mercar os materiais da seguinte lista:

- 1 lapis STAEDTLER TRIPLUS JUMBO 119.
- 1 lapis fino STAEDTLER Noris HB número 2.

- 1 goma grande nata Milan.
- 1 caixa 12 ceras grosas Plastidecor.
- 1 caixa 18 ceras finas Plastidecor.
- 1 caixa 15 ceras brandas MANLEY.
- 1 caixa 12 rotuladores grosos STAEDTLER.
- 1 caixa 12 rotuladores finos GIOTTOTURBO COLOR.
- 1 pegamento mediano de barra Pritt.
- 1 pegamento “PENTEL ROLL’N GLUE”.
- 1 bloc de multipapeis (papel seda, celofán e cartolina).
- 1 paquete 100 folios cores DIN-A4 (80gr.).
- 1 paquete 500 folios brancos DIN-A4 (80gr.).
- 1 paquete grande de pasta branca para modelar.
- 1 bote grande témpera líquida JOVI (1/2 l): preguntar á titora.
- 1 taco grande plastilina (350 gr.): preguntar á titora.
- 1 paquete de toalliñas húmidas.
- 1 caixa de panos de papel (tisúes).
- 1 metro de velcro adhesivo macho (branco).
- 1 metro de velcro adhesivo femia (branco).

Ademais deste listado (os que optedes por el), deberedes entregar **5 €** para gastos variados como (merendas especiais, manualidades días marcados...)

- **Día de entrega do material:** O primeiro día de clase os nenos/as traerán nunha bolsa o caderno xunto co diñeiro nun sobre pechado da cooperativa (**25 euros**) ou material escolar (**5 euros**). Recordade, esta bolsa debe vir pechada co nome do alumno/a; pero non os propios caderniños.